



Secretaria

Actividade

Código SIA

Expediente 81/2025

Trámite Dilixencia.- Dilixencia proxecto sometido a fase de audiencia e información pública

Dilixencia.- Esténdese a presente dilixencia para facer constar o texto do proxecto de modificación e texto refundido resultante do Regulamento e normas de organización e funcionamento da Escola Municipal de Música sometido ao trámite de audiencia e información pública segundo Resolución da concellería delegada dde Cultura, Educación, Turismo e Deportes núm 2025-0410 de 07.04.2025:

“PROXECTO DE MODIFICACIÓN E TEXTO REFUNDIDO RESULTANTE DO REGULAMENTO E NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA “AS LAGOAS” CONCELLO DE MUGARDOS

A Escola Municipal de Música depende do Concello de Mugardos, é un centro dedicado a ensinanza da música, aberto tanto a nenos/as como persoas adultas, coa finalidade de formar persoas afeccionadas e sen prexuízo daquelas que teñan un especial talento e vocación e desexen ser profesionais.

A base legal sobre a que está constituída este Regulamento de réxime interno son as seguintes:

- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación.
- Lei Galega de convivencia da comunidade educativa, 4 /2011 do 30 de xuño.
- Lei Orgánica 1/1990 de 3 de outubro de Ordenación Xeral do sistema educativo.

TITULO I: ÁMBITO DE APLICACIÓN

TITULO II : ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO

Capítulo 1: Organización das ensinanzas.

Capítulo 2: Dirección da Escola.

Capítulo 3: Departamentos didácticos:

- Carácter e composición dos Departamentos didácticos.
- Competencias dos Departamentos didácticos.

TITULO III: RECURSOS HUMANOS

Capítulo 1: Profesorado

Capítulo 2 : Alumnado.

TITULO IV: RECURSOS MATERAIS

Capítulo 1: Uso das instalación, do mobiliario e material do Centro.

Capítulo 2: Cesión de instrumentos.



TITULO V: RÉXIME ADMINISTRATIVO E ECONÓMICO

Capítulo 1: Servizos da Escola Municipal de Música.

Capítulo 2: Admisión de alumnado.

Capítulo 3: Matriculación

Capítulo 4: Pagos

Capítulo 5: Calendario Escolar.

TITULO I: ÁMBITO DE APLICACIÓN

O ámbito de aplicación do presente regulamento é a Escola Municipal de Música “ As Lagoas” do Concello de Mugardos.

O ingreso na Escola Municipal de Música supón a aceptación deste Regulamento de réxime interno.

TITULO II : ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO.

Capítulo 1: Organización das ensinanzas

O alumnado poderá ingresar na Escola Municipal de Música “As Lagoas” para iniciar o estudo de música na actividade de Música e Movemento a partir dos 4 anos cumpridos no ano natural do comezo do curso.

As clases de instrumento serán, agás Canto, individuais de 45 minutos cada sesión. Cabe a posibilidade dun segundo instrumento, con sesións de 30 minutos. Haberá unha sesión semanal de cada instrumento.

A inscrición en calquera das ensinanzas de práctica instrumental do alumnado deberá ser simultaneada coa participación en materias de formación musical (Iniciación Musical/ Linguaxe Musical) complementaria ou nunha actividade de conxunto (Combo/ Coro)

En Canto poderá haber ata tres persoas en cada sesión, sendo decisión do profesorado e consensuada co alumnado e coa Escola.

SUXESTIÓN DE INSTRUMENTOS:

- 1 Piano/Teclado
- 2 Trompeta
- 3 Trombón
- 4 Trompa
- 5 Bombardino
- 6 Saxo
- 7 Clarinete
- 8 Violín
- 9 Guitarra
- 10 Bajo
- 11 Gaita/Pandereta
- 12 Acordeón
- 13 Percusión/Batería
- 14 Canto

As clases grupais terán un mínimo de 4 persoas, a razón de 1 sesión semanal

- 1 MUSICA E MOVEMENTO (4 e 5 anos)
- 2 INICIACIÓN MUSICAL (6 e 7 anos)
- 3 LINGUAXE MUSICAL BASICO (Niveis 1 e 2, dende os 8 anos)
- 4 LINGUAXE MUSICAL AVANZADO (Niveis 3 e 4, dende os 8 anos)



5 LINGUAXE MUSICAL ADULTOS (Dende os 15 anos, todos os niveis)

6 CORO (Dende os 7 anos ata os 10 anos cumpridos)

7 BATUCADA (Dende os 11 anos en adiante)

8 PANDERETA (Desde os 11 anos en adiante)

Outras clases grupais ou de instrumentos individuais poderán impartirse dependendo da demanda e dispoñibilidade de profesorado e instalación.

As clases de COMBO terán un mínimo de 5 persoas a razón de 1 sesión semanal, e serán:

1 COMBO 1

2 COMBO 2-

Capítulo 2: Dirección da Escola Municipal de Música

A dirección superior da Escola Municipal de Música estará a cargo dos órganos competentes do Concello, sen prexuízo da súa dirección executiva, de funcionamento ordinario e pedagóxico que asumirá unha persoa do equipo técnico educativo.

A dirección executiva actuará como coordinador/a.

Funcións da dirección/ coordinación:

- 1) Representar académicamente á Escola Municipal de Música “ As Lagoas”
- 2) Favorecer a convivencia do alumnado na Escola e garantir o procedemento para impoñer as correccións que correspondan, dacordo coas disposicións vixentes.
- 3) Informar á técnica cultural do Concello e ao órgano competente do Concello de todas aquelas actividades que se quera levar a cabo dentro da Escola Municipal de Música “ As Lagoas”
- 4) Elaborar os horarios do alumnado coordinando ao profesorado e informando á técnica cultural do Concello e ao órgano competente do Concello
- 5) Seguir e coordinar o bo funcionamento da Escola así como de que se cumpla este regulamento por parte do profesorado.

Capítulo 3: Departamentos didácticos

- Carácter e composición dos departamentos didácticos:

Os departamentos didácticos son os órganos básicos encargados de organizar e desenvolver as ensinanzas propias das especialidades e asignaturas que lles correspondan, e as actividades que lles encomenden dentro do ámbito das súas competencias e da normativa vixente.

Os Departamentos Didácticos están compostos por todo o profesorado do Centro.

- **Competencias e obrigacións dos departamentos didácticos:**

- 1 Organizar e revisar, antes do comezo do curso académico, a Programación didáctica das asignaturas e especialidades que configuran o Departamento.
- 2 Darlle a coñecer ao alumnado a información relacionada coa programación, con especial referencia aos obxectivos e contados.
- 3 Manter actualizada a metodoloxía didáctica, e promover o desenvolvemento de actuacións de mellora dos procesos de enseñanza e aprendizaxe.
- 4 Proponer, organizar e realizar actividades complementarias en colaboración coa directiva da escola de Música.

TITULO III: DOS RECURSOS HUMANOS

Capítulo 1: Do profesorado



1 Deberes do profesorado

- Asistir como mínimo a tres reunións de asistencia: unha a principio de curso, unha antes das festas de Nadal e unha antes de clausura do curso. A directiva/ coordinación resérvase a posibilidade de organizar reunións extraordinarias que, como as anteriores, serán de asistencia obrigada por parte do profesorado.
- Controlar as faltas de asistencia do alumnado.
- Extremar o cumprimento das normas éticas que exige a súa función educativa asegurar de modo permanente o seu propio perfeccionamento musical, técnico e pedagóxico.
- Colaborar na realización de actividades extraescolares e festivais ou audicións
- Recuperar, sin alterar o normal funcionamento do Centro, aquelas clases que fora necesario cambiar por motivos persoais do profesorado, e sempre coa autorización da empresa contratante.
- Asistir ás audicións do alumnado que se programan no curso do ano académico na seguinte forma:
 - Cada instrumento programará a súa audición a efectuar nun día concordado coa directiva antes do Nadal e antes do fin de curso escolar. Ademais disto efectuaranse dúas audicións colectivas antes do Nadal e ao remate do curso escolar.
 - Ao remate do curso escolar o profesorado terá a obriga de entregar ao alumnado un informe que reflectirá a aprendizaxe e a evolución adquirida no curso escolar.

Capítulo 2: Do alumnado

Deberes do alumnado.

1) Asistir a clase con puntualidade e participar nas actividades orientadas ao desenvolvemento do plan de estudos. En caso de inasistencia a clase por parte do alumnado, esta non será recuperada.

No caso do alumnado menor de idade, as persoas responsables deberán extremar a puntualidade na hora de entrada e na de saída, pois o Centro non se fai reponsable do alumnado fóra do horario lectivo. As persoas acompañantes do alumnado non poderán permanecer no interior da escola para esperar o remate das clases.

2) Cumprir e respectar os horarios aprobados para o desenvolvemento das actividades do Centro.

3) Seguir as orientacións do profesorado respecto do seu aprendizaxe e mostrarlle o debido respecto e consideración.

4) Respectar os horarios das clases no que están estudando o resto de alumnado

5) Coidar o material e o espacio do Centro

TÍTULO IV : DOS RECURSOS MATERIAIS

Capítulo 1: Uso das instalacións, do mobiliario e do material do Centro:

1 A Escola Municipal de Música dispón do mobiliario e material adecuados a algunhas das ensinanzas de instrumentos que se suxiren como posibles. Outros materiais que a empresa contratante considere terán que ser adquiridos pola mesma.

2 O alumnado deberá en todo momento facer bo uso tanto das instalacións como do mobiliario e material da Escola. A negligencia no uso ou deterioro malintencionado dos mesmos poderán derivar nas responsabilidades correspondientes.

Capítulo 2 : Cesión de instrumentos



A Escola Municipal de Música ten un servizo destinado á cesión de instrumentos para aquel alumnado que comeza cun instrumento ata a compra dun propio.

O servizo da cesión de instrumentos está suxeito as condicións seguintes:

- Solicitude de préstamo, na que figuran os datos persoais da alumna ou alumno (firmada polos tutores legais en caso de alumnado menor de idade)
- O periodo do préstamo do instrumento non será maior do curso escolar: ao remate do curso escolar o alumnado NON PODERÁ conservar o instrumento.
- O alumnado procurará, en todo momento facer bo uso do instrumento prestado, podendo incurrir en responsabilidades.
- En caso de danos, rotura ou desaxuste do instrumento, será o alumnado o responsable da súa reparación, posta a punto ou reposición. A Escola non se responsabiliza, en ningún caso da devandita reparación.

TITULO V: RÉXIMEN ADMINISTRATIVO E ECONÓMICO

Capítulo 1: Servizo da Escola municipal de Música

1 O horario de atención al público exporase no taboeiro de anuncios ao comezo de cada curso.

2 A persoa directora/ coordinadora da Escola xunto cunha persoa do Concello terá uns días de atención ao alumnado ou, no caso de menores de idade, ás familias ou tutores legais para tratar calquera problema do bo funcionamento da Escola.

3 O profesorado atenderá consultas relativas ás clases, previa petición de cita.

Capítulo 2: Admisión do alumnado

1 Por motivos loxísticos, as matrículas faranse no Departamento de Cultura do Concello de Mugardos previa solicitude na Escola.

2 O alumnado de 7 anos poderá cursar Iniciación Musical, non sendo posible estudar instrumento ata os 7 anos de idade cumpridos no ano natural.

Capítulo 3: Matriculación

1 As datas de matriculación anunciaranse coa debida antelación no taboleiro de anuncios da Escola e polas distintas canles que o Concello dispón. Non se admitirán matrículas fóra de prazo.

Haberá unha prematrícula ou reserva a finais de cada curso académico para que o alumnado que xa está a cursar estudos poda reservar a súa praza se é posible.

2 Por necesidades do Centro, poderanse admitir novas matrículas previo anuncio no taboleiro do novo prazo.

3 Poderá renovar a súa matrícula o alumnado que:

- a) Estivo matriculado no curso anterior, non anulando a súa matrícula en ningún momento.
- b) Non teña recibos pendentes.
- c) Non teña *máis de un 10%* de faltas de asistencia non xustificadas

Matriculación de novo alumnado:

Unha vez pechado o prazo para alumnado antigo abrírase o prazo de matriculación para alumnado de nova incorporación.

Se o número de solicitudes superase o de prazas ofrecidas pola Escola de Música, estas serán outorgadas mediante sorteo.



Capítulo 4: Pagos.

Os pagos rexeranse conforme a Ordenanza Fiscal núm. 14 Reguladora da taxa pola prestación de servizos deportivos, culturais e de lecer, do Concello de Mugardos.

Capítulo 5: Calendario escolar.

O comenzo das clases será o día 1 de outubro e rematará o 31 de maio.”

Mugardos, á data da sinatura dixital á marxe.

A secretaria,

Paula E. Ramos Díaz

